



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 20/04/2021 acordou:

3. APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE AXUDAS PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES, MELLORA DA ACCESIBILIDADE E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN EDIFICIOS RESIDENCIAIS COLECTIVOS EXISTENTES PARA O PERÍODO 2020-2021. EXERCICIO 2021. EXPTE. 2082/433.

Antecedentes:

O 09/04/2021 a técnica de admón. xeral da oficina de Vivenda e Solo co conforme do xefe dos Servizos Centrais e do xerente de Urbanismo emite o seguinte informe:

“ANTECEDENTES

A Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) do Concello de Vigo mantén como unha das súas principais liñas de actuación en materia de vivenda e rehabilitación, o fomento da mellora da accesibilidade e a eliminación das barreiras arquitectónicas como resposta a crecente demanda social que se está producindo nos últimos anos para mellorar as condicións de accesibilidade de vivendas existentes.

O art. 47 da Constitución Española insta ós poderes públicos a promover as condicións necesarias e establecer as normas pertinentes para facer efectivo o dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada, amparando especialmente a determinadas persoas con necesidades especiais, ás que se debe prestar atención especializada segundo o establecido polo artigo 49 da Carta Magna. A Exposición de Motivos da Lei 8/13, de 28 de xuño, de Rehabilitación, Rexeneración e Renovación Urbanas (LRRR), fala do “pulo e fomento das actuacións que conduzan á rehabilitación dos edificios e a rexeneración e renovación dos tecidos urbanos existentes, cando sexan precisas para asegurar aos cidadás calidade de vida e a efectividade do seu dereito a gozar dunha vivenda digna e adecuada”.

Isto inclúe, non so o acceso á vivenda, senón tamén o deber de garantir a quen dispón de vivenda as condicións de habitabilidade e accesibilidade precisas para que aquela teña a consideración de “digna e adecuada”, de xeito especial, cando conste a ocupación por colectivos merecedores de particular protección, como son as persoas maiores, discapacitados, de mobilidade reducida ou en situación de dependencia.

De conformidade co art. 4.4 do RDL 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, as Administracións Públicas deben adoptar as medidas que aseguren a realización das obras de conservación e rehabilitación edificatoria precisas, sendo prioritarias aquelas que proceden a eliminar situacións de infravivenda, para garantir a seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade universal. Pola súa parte, o art. 15 desta lei inclúe entre os deberes que comprende o dereito de propiedade, o de conservalo e condicións legais de seguridade, salubridade, accesibilidade universal, ornato e demais esixibles. Deber que





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

contemplan, en termos similares, os arts. 20.e) e 135.1.c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

O RDL 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social atribúe a cidadás e Administracións impulso das medidas que promovan a igualdade de oportunidades suprimindo o inconvenientes que se opoñen a presenza integral das persoas con discapacidade, recollendo as necesidades e propondo solucións e liñas de actuación co obxectivo de que estas persoas sexan “partícipes, como suxeitos activos titulares de dereitos, dunha vida en igualdade de condicións que o resto do cidadás”.

Estas normas supuxeron a reforma da Lei 49/1960, de 21 de xullo, de Propiedade Horizontal, no senso de que estableceu un réxime flexible cando a decisión comunitaria pretende eliminar dificultades na mobilidade de persoas con problemas de accesibilidade, entre as que inclúe a persoas con discapacidade e maiores de setenta anos, con obxecto de facilitarlles un uso adecuado ás súas necesidades dos elementos comúns da edificación (art. 10.1.b) LPH, en redacción dada pola DF1ª da LRRR).

As Administracións Públicas deben dar resposta a esta esixencia social adoptando as medidas que estean nas súas mans para facilitar a capacidade de acceder fisicamente ás súas vivendas ás persoas con mobilidade reducida, xa sexa por discapacidade ou por idade, como é a promoción da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas.

No municipio de Vigo existe un gran número de edificacións colectivas carentes de todo tipo de accesibilidade ou de elementos que permitan salvar os desniveis que presenta a edificación para os seus residentes. Son maiormente vivendas de carácter residencial colectivo con mais de tres andares e de gran antigüidade, que non dispoñen de ascensores, que teñen como ocupantes a persoas de avanzada idade, con discapacidade ou mobilidade reducida, o que lles impide levar unha vida independente e autónoma, pola presenza de barreiras arquitectónicas que, en casos, incluso lle impiden saír das súas vivendas. Non se trata dunha mellora, senón de obras e/ou instalacións que constitúen unha necesidade de habitabilidade do inmovible.

A XMU, consciente desta realidade e coñecedora dos recursos limitados de que moitas destas comunidades de propietarios, considera prioritaria unha convocatoria de axudas para a instalación de ascensores, mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios residenciais colectivos existentes, a cuxos efectos, encomenda á Oficina Municipal de Vivenda e Solo, o inicio do correspondente procedemento, en réxime de concorrencia competitiva.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1- Competencia municipal na materia.-

De conformidade co art. 25.2.a), en relación ó art. 7.2, da *Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)*, o Municipio exercerá, en todo caso, como competencia propia, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, en materia de urbanismo, a conservación e rehabilitación da edificación, podendo, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promover actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal (art. 25.1 LBRL).





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

Segundo o art. 23.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por *Decreto de 17 de xuño de 1955 (RS)*, as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.

Por outra lado, debemos ter presente que, de conformidade co RS, a actividade de fomento ou incentivadora, constitúe, xunto coas de prestación ou servizo público e de limitación ou policía, unha das formas de intervención dos concellos na actividade dos administrados.

2- Finalidade e obxecto da convocatoria e persoas beneficiarias.-

Conscientes da situación existente xunto coa obrigatoriedade legal expostas nos antecedentes deste documento, esta convocatoria terá por obxecto regular a concesión de subvencións coa finalidade de fomentar a mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas nas edificacións residenciais colectivas existentes no termo municipal de Vigo, mediante a entrega, a fondo perdido, dunha axuda económica ás persoas propietarias, que cumprindo os requisitos da convocatoria, **promovan e executen ou teñan executado durante os exercizos 2020 e 2021**, actuacións de primeira instalación de ascensores, ramplas, plataformas elevadoras, varandas ou calquera outras obras ou instalacións que teñan por finalidade salvar os desniveis existentes entre a beirarrúa e o portal ou entre este e o ascensor, así como, dos descansos de entrada ás diferentes vivenda que integran o inmovible ou que, en xeral, supoñan unha mellora efectiva da accesibilidade ou a eliminación de barreiras en escaleiras e vestíbulos.

Tal e como se desprende do art. 2.1.b) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada, neste caso, pola Xerencia Municipal de Urbanismo, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpran, entre outros, o requisito de *“que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver...”*; *“... que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública”*.

Poden obter a consideración de persoas beneficiarias destas axudas as persoas físicas ou xurídicas que teñan a condición de propietarias do inmovible, tanto sexan comunidades de persoas propietarias, mancomunidades ou agrupacións de comunidades, legalmente constituídas, así como, agrupacións de persoas propietarias ou persoas propietarias únicas de edificios de vivendas, que promovan e executen ou teñan executado nos exercicios 2020 e 2021 as actuacións obxecto de fomento, que cumpran os requisitos previstos nas bases reguladoras para acadar tal condición, así como, o resto de condicionamentos impostos nas ditas bases e demais normativa vixente que lle resulte de aplicación, e cuxa edificación cumpra as condicións impostas nas bases reguladoras.

As persoas beneficiarias están obrigadas a realizar as actuacións e adoptar os comportamentos que fundamenten a concesión da subvención, debendo xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións impostas, así como, cumprir o resto de obrigas enumeradas nas Bases reguladoras deste procedemento, e, en xeral, as obrigas contempladas no art. 14 da LXS.

3- Crédito orzamentario e contía.-



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 29/04/2021 10:59

Páxina 3 de 10

EXPEDIENTE 2082_433

CSV: 26EBD9-3HBE83-414BEB-U8CY2E-AJKQRL-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

Crédito orzamentario

A contía total destinada para estas axudas, que se convocarán en réxime de concorrencia competitiva e que terán o carácter de subvención a fondo perdido, será de 50.000 € (cincuenta mil euros) para o exercicio 2021, e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 1510.7800000, incluída no capítulo VII (“Transferencia de capital”), denominada “Axudas accesibilidade nos edificios”, do orzamento do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

A cantidade proposta para o exercizo 2021 (50.000 €) queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no presuposto correspondente para financiar o gasto.

As bases e anexos correspondentes xa foron aprobados no ano 2020; en tanto non se informe pola Intervención Municipal sobre a existencia de crédito suficiente e adecuado, non procede a aprobación da convocatoria nin, polo tanto, a remisión do seu extracto á BDNS. Será, así mesmo, con motivo da aprobación da convocatoria cando se autorice o gasto correspondente.

Contía

As subvencións non poderán superar, en ningún caso, os límites cuantitativos fixados nas bases reguladoras deste procedemento, de xeito que se aboará ás persoas beneficiarias unha axuda económica a fondo perdido equivalente a:

- ata un máximo de 3.000 euros, do custo efectivo de execución material.
- ata un máximo de 1.000 euros en concepto de honorarios, excluído o IVE, correspondentes á redacción do proxecto, certificados, informes e demais documentación técnica preceptiva.

O importe máximo total a subvencionar por edificación residencial colectiva será de 3.000 euros.

4- Gastos subvencionables.-

Atendendo ao disposto no art. 31.1 da LXS, considéranse gastos subvencionables, os que, sen dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada, sexan estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido e conforme ás bases reguladoras das subvencións.

De conformidade con isto, enténdese que son gastos subvencionados as actuacións realizadas e efectivamente aboadas entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de outubro de 2021 que se atopen nalgún dos supostos establecidos nas bases reguladoras.

5- Compatibilidade das subvencións.-

De conformidade co artigo 14.1.p) da Lei de Subvencións de Galicia, sobre o contido mínimo das bases reguladoras da subvención, e art. 19.2 da LXS, prevese a compatibilidade destas axudas con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

A persoa ou entidade beneficiaria, de conformidade co artigo 14.1.d) da LXS, deberá comunicar á Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

Tal e como preceptúa o art. 19.3 da LXS, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada”, en cuxo caso, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos xuros de mora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).

En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar, unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas.

6- Modalidade da subvención: concorrencia competitiva e criterios de avaliación.-

O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, que é o procedemento ordinario de concesión de subvencións, de acordo co art. 22.1 da LXS, que se iniciará de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, conforme ao art. 20 da LSG, sen prexuízo da presente aprobación de bases e anexos correspondentes.

A través do mesmo, a concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios de valoración fixados, adxudicando as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Atendendo ao art. 8 da LXS, a xestión destas subvencións realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante e a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

As bases recollen os referidos criterios de avaliación, precisando a ponderación relativa atribuída a cada un deles, ata un máximo de 100 puntos, de conformidade co art. 60 do RLXS.

A Comisión de Valoración creada ao efecto por resolución da Vicepresidenta da XMU estudiará as solicitudes e documentación achegada, requirindo cando considere oportuno e necesario documentación, información, emenda ou corrección de erros.

Avaliadas e puntuadas as solicitudes achegadas, o órgano Colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación, que servirá de base para a proposta de resolución provisional polo órgano competente.





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

7- Solicitude: prazo e lugar de presentación e documentación a achegar.-

O prazo para a presentación de solicitudes, información e documentación complementaria preceptiva será de **TRES MESES**, que computarase, de conformidade co art. 30 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, , a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por conduto da BDNS, sen prexuízo da súa publicación na web oficial do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Segundo o art 66 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, “*Cuando la Administración en un procedimiento concreto establezca expresamente modelos específicos de presentación de solicitudes, éstos serán de uso obligatorio por los interesados*”.

Xunto ás bases propostas neste informe establécense tres documentos como anexos:

- Anexo I: Solicitude
- Anexo II: Conta xustificativa
- Anexo III: Publicidade corporativa-cartel

O anexo III establécese unicamente co fin de aprobar un cartel tipo que será facilitado pola Xerencia no momento oportuno, establecido nas bases. Os anexos I e II deben ser cubertos polas persoas interesadas, aos que deberán xuntar a documentación establecida nas bases.

8- Procedemento de concesión.-

O procedemento de concesión das subvencións axustarase ao disposto nas bases reguladoras e aos arts. 20 a 24 da LSG, así como á lexislación vixente en materia de procedemento administrativo.

9- Prazo e forma de xustificación.-

Segundo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación pola persoa beneficiaria da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu, producíndose a perda do dereito ao cobro daquela no suposto de falta de xustificación ou xustificación insuficiente, nos termos previstos no art. 37.1.c) e art. 30.8 da LXS.

Segundo o art. 30.2 da LXS, a conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio da persoa ou entidade beneficiaria e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade da persoa declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

As persoas beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. A forma da conta xustificativa e o prazo de rendición da mesma serán os previstos nas Bases reguladoras, neste caso, o prazo para a xustificación finaliza o 15 de novembro de 2021. De non xustificarse no prazo previsto, a persoa beneficiaria perderá o dereito sobre a mesma, tal e como indican a Base 38.8 das





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

Bases de Execución do Presuposto (BEP):

“as Bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana de decembro, e a súa remisión a Intervención Xeral para a súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente”.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

10- Publicidade da convocatoria e das subvencións concedidas.-

Todas as subvencións quedan sometidas ás normas de transparencia reguladas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, tendo que ser incorporadas ó Portal de Transparencia existente na páxina web deste Concello.

En aplicación dos principios desta lei, e para garantir o dereito dos cidadás a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento, contribuíndo os principios de publicidade e transparencia, de conformidade co establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, remitiranse á Intervención Xeral do Estado para a súa publicación na BDNS, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, os seguinte contidos:

- texto da convocatoria, unha vez que se aprobe
- extracto da convocatoria, para a súa remisión ó BOP de Pontevedra
- subvención concedidas, con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ó que se imputan, beneficiario, cantidade concedido e obxecto ou finalidade da concesión con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Pola súa parte, as Bases reguladoras publicanse, con motivo da presente resolución, no BOP de Pontevedra. Isto sen prexuízo da publicación das bases e modelos normalizados de solicitudes na páxina web do Concello de Vigo (Portal de Transparencia e Sede Electrónica “Convocatorias e Subvencións”, e a súa posta a disposición dos interesados na Oficina de Información da XMU).

As persoas beneficiarias das axudas darán, así mesmo, adecuada publicidade do carácter público do financiamento, a cuxos efectos se aprobará un modelo oficial de cartel informativo (ANEXO III).

11- Órgano competente.-

O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co arts. 2.4.B) e 10 dos Estatutos da XMU é competente para a aprobación destas Bases e modelos normalizados o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Pola súa parte, conforme ó art. 12.1.g) dos Estatutos da XMU, prestará conformidade á presente proposta o Xerente Municipal de Urbanismo ou a Vicepresidenta deste organismo.



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 29/04/2021 10:59

Páxina 7 de 10

EXPEDIENTE 2082_433

CSV: 26EBD9-3HBE83-414BEB-U8CY2E-AJKQRL-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

12- Fiscalización previa á aprobación do gasto.-

Con carácter previo á aprobación do gasto, debe contabilizarse o documento RC “Retención de Crédito”, que, segundo o art. 31.1 do RD 500/90, de 20 de abril, é o acto contable que se realiza como consecuencia da expedición dunha certificación de existencia de crédito adecuado e suficiente nunha partida orzamentaria para a autorización dun gasto por unha contía determinada, producindo, polo mesmo importe, unha reserva de dito gasto.

Simultaneamente á aprobación da convocatoria autorizarase o gasto, reservando a tal fin a totalidade o parte dun crédito orzamentario.

De conformidade co art. 55.1 do *RD 500/90, de 20 de abril*, a autorización de gastos correspóndelle ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ao abeiro dos seus estatutos reguladores.

Non procede a aprobación da convocatoria ata que se informe sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente. Coa aprobación da convocatoria autorizarase o gasto e subministrarse á BDNS a información preceptiva para a súa publicación e efectos.

13- Réxime xurídico.-

A concesión das subvencións que serán obxecto de convocatoria, rexerá polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

14- Recursos.-

De conformidade cos arts. 23 dos Estatutos da XMU e 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por *RD 2568/86, de 28 de novembro*, as resolucións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo poñen fin á vía administrativa.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015. de 01 de outubro, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). No caso de interpoñer o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da *Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA)*.





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

Á vista do exposto, de conformidade co art. 20 da LSG e arts. 2.4.B) e 10 dos Estatutos da XMU, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a adopción do seguinte...”

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: Ningún voto.

A FAVOR: 10 votos: 1 do PP: Sr. González Castillo, 1 do Grupo Mixto: Sr. Pérez Correa, 1 do concelleiro non adscrito: Sr. Pérez Iglesias e 7 do PSOE: Sres. Rodríguez Díaz, Espinosa Mangana, Mejías Sacaluga, Caride Estévez, Aneiros Pereira, Fernández Pérez e López Font.

Acordo:

O Consello, considerando a ponderación do cómputo de votos sinalado na sesión constitutiva de data 11 de xullo de 2019, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- APROBAR A CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE AXUDAS PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES, MELLORA DA ACCESIBILIDADE E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS EN EDIFICIOS RESIDENCIAIS COLECTIVOS EXISTENTES PARA O PERÍODO 2020-2021, así como os anexos I, II e III que se xuntan ao presente informe para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás comunidades de persoas propietarias, mancomunidades, agrupacións de persoas propietarias e persoas propietarias únicas de edificacións residenciais colectivas existentes, cando se cumpran os requisitos establecidos nas bases que se aproban, unha vez acreditado que existe crédito suficiente e adecuado.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 50.000 euros para o exercicio 2021 e autorizar o gasto por un importe máximo de 50.000 euros para o exercicio 2021, consonte aos documentos de RC emitidos polo servizo económico, e consonte o informe da intervención municipal, con cargo á aplicación orzamentaria 1510.7800000, incluída no capítulo VII (“Transferencia de capital”), denominada “Axudas accesibilidade nos edificios”, do orzamento do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- Indicar con carácter xeral que a apertura do prazo de presentación de solicitudes non se producirá ata que, se publique a presente convocatoria, previa publicación das bases, por conduto da BDNS, o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

CUARTO.- RECURSOS: Contra o presente acordo poderá interpoñerse ou ben recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar, ambos prazos, dende o día seguinte a perda de vixencia da suspensión. Se se optase por interpoñerse o recurso potestativo de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciase a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se interpoña calquera outro recurso que se estime procedente a teor do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da Sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

tr/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU
María José Caride Estévez



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo
EXPEDIENTE 2082_433

Data impresión: 29/04/2021 10:59 Páxina 10 de 10
CSV: 26EBD9-3HBE83-414BEB-U8CY2E-AJKQRL-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>